



**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O  
DÍA DEZ DE OUTUBRO DE 2012, CON CARÁCTER ORDINARIO**

**SRES. ASISTENTES:**

Alcalde-Presidente D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO  
Tenentes de Alcalde: D. MANUEL COSTA CARNEIRO  
D<sup>a</sup>. MARGARITA DEVESA CARDELLE  
D. ROGELIO LEMA MOUGÁN  
D<sup>a</sup>. MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS

Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas e trinta e cinco minutos do día dez de outubro de dous mil doce, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

**ORDE DO DÍA**

**1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.**

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día vinte e seis de setembro do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

**2º.- Instancias de obras de particulares.**

2.1.- Instancia núm. 201200000001180 de dona Susana Martín Iglesias.

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en San Xián de Sales, solicita licenza para a construción dun alboio e mais unha piscina en Matelo, en solo de expansión de núcleo rural (N2) segundo o PXOM, cunha ocupación máxima inferior ao 10% da parcela neta; nº Plantas B. Altura máxima da cornixa menor a 2,30 m. e un coeficiente inferior a 0,30 m<sup>2</sup> de superficie edificable baixo teito por cada m<sup>2</sup> de parcela neta, segundo o proxecto presentado redactado polo arquitecto don Arturo M. Para García cun orzamento de 14.000,00 euros.

O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para o seu remate dende a data da concesión da licenza.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as axustarse ás seguintes condicións: construírse de acordo co proxecto presentado; en cumprimento do artigo 104 da Lei 9/2002, e ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a cor a utilizar na fachada harmonizará co entorno de maneira que produza o menor impacto posible e adaptándose ás cores tradicionais da zona; construírse un sistema de pozos filtrantes para baleirar a piscina. Ademais a distancia mínima dos pozos filtrantes respecto dos



lindeiros será de 3,00 m. e previa á concesión da licenza deberá achegar plano e documento de cesión de viais.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de douscentos oitenta (#280,00#) euros.

## 2.2.- Instancia núm. 377/2012 de Telefónica Móviles España, S.A.

Examinado o expediente promovido por Telefónica Móviles España, S.A., segundo a súa solicitude núm. 377/2012, para licenza de actividade *para estación base de telefonía móbil sobre emprazamento existente* no lugar de Pousada de Arriba.

Tendo en conta que o expediente foi remitido á Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas para consulta sobre sometemento da actividade ao trámite de incidencia ambiental, e que este organismo, con data 3 de maio de 2012, resolve sobre a non necesidade de tal sometemento, se ben establece unha serie de medidas correctoras a ter en conta.

Tendo en conta que se emitiu informe polos Servizos Técnicos Municipais en sentido favorable; que o expediente estivo exposto ao público por un período de vinte días, mediante anuncio publicado no taboleiro de Edictos do concello e no BOP número 105 do 5 de xuño de 2012, e que por Secretaría se certificou a presentación de alegacións por parte de varios veciños, que se incorporan ao expediente, se ben fóra do prazo concedido.

Tendo en conta que se solicitou a emisión do oportuno informe ao Ministerio de Industria e á Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia; que estes se recibiron, con data do 5 de xuño de 2012 (o de Sanidade) e 24 de setembro de 2012 (o de industria), en sentido favorable se ben suxeitos a diversas comprobacións.

De conformidade co disposto na lexislación de aplicación, a Xunta de Goberno Local acorda:

### 1.- Licenza da actividade:

1º.- Desestimar as alegacións presentadas por Javier Vaamonde Pegito, en calidade de representante dunha serie de veciños, por canto do actuado ata o de agora non se desprende o incumprimento da normativa vixente e tendo en conta tamén o contido dos informes sectoriais solicitados así coma o do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais.

2º.- Concederlle a Telefónica Móviles España, S.A., a licenza de actividade de *estación base de telefonía móbil sobre emprazamento existente* no lugar de Pousada de Arriba (Vedra), nos termos da documentación presentada e tendo en conta que os terreos onde se pretende levar a cabo a actividade axústanse á ordenación e cualificación urbanística prevista no vixente PXOM, téndose emitido informe en sentido favorable polos Servizos Técnicos Municipais; tendo en conta así mesmo que as medidas propostas polo solicitante na documentación aportada ao expediente enténdense axeitadas, se ben deberá terse en conta o disposto na resolución relativa ao sometemento a avaliación de incidencia ambiental e o contido dos informes sectoriais solicitados (Ministerio de Industria e Consellería de Sanidade).

O prazo para o comezo da actividade será de 1 ano a contar dende o acordo de concesión.



Non se poderá iniciar a actividade sen que se teña obtivo a previa Acta de posta en funcionamento. A tal efecto o titular deberá solicitala e presentar certificación final de obra e instalación; informe/certificación do cumprimento das normas de desenvolvemento en materia de contaminación acústica; informe/certificación de cumprimento do disposto no informe emitido para os efectos polo Ministerio de Industria.

Deberá ingresar, previamente, en Arcas Municipais a cantidade á que ascenden as taxas regulamentarias, segundo liquidación que practicará a Intervención Municipal e que se notificará xunto co presente acordo.

## **2.- Licenza de obra.**

Dáse conta da instancia de Telefónica Móviles España, S.A. con domicilio en Edificio Central Telefónica Montaña, c/La Cerca, 18, PL:1, que solicita licenza para *instalación de estación base de telefonía móbil*, en Pousada de Arriba (Vedra), nos termos do proxecto presentado redactado por José M. Carnota Mosquera e outro, en calidade de Enxeñeiros Técnicos Industriais, e cun presuposto de 5.421,00 euros.

A Xunta de Goberno Local á vista dos informes emitidos para os efectos e tendo en conta que a parcela se atopa emprazada en solo rústico de especial protección forestal (R-3); que o artigo 37 da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia establece entre os usos permitidos por licenza municipal directa as instalacións para os servizos técnicos de telecomunicacións: que segundo a transitoria primeira da lei, ao solo clasificado como rústico polo Plan Xeral aplicaráselle integramente o disposto na lei para o solo rústico, acorda conceder a licenza solicitada debendo as obras axustarse ás seguintes condicións:

- Executaranse conforme ao proxecto presentado.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cento oito euros con corenta e dous céntimos (#108,42#).

## **3º.- Acordo, se procede, sobre cambio de titularidade de licenza de apertura de establecemento destinado a taberna en Vedra.**

Vista a solicitude presentada por A LIADA, SC, para transmisión, ao seu nome, da titularidade da licenza de apertura de establecemento destinado a Taberna, sito en Avda. M. M. Gómez Lorenzo, 19 (Vedra).

Considerando que non variaron as condicións obxectivas que determinaron, no seu día, a concesión da licenza, tendo en conta que se cumpren os requisitos que establece o art. 13 do Regulamento de servizos das corporacións locais de 17 de xuño de 1955.

Visto o disposto polos artigos 24,e) do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, e o 41.9 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais do 28 de novembro de 1986, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da transmisión solicitada, sen prexuízo das restantes autorizacións que, de ser o caso, corresponda outorgarlle a outros organismos públicos, sempre e cando non variaran as condicións que, no seu día, determinaron a concesión da licenza.



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



Segundo.- Aprobar a liquidación das taxas municipais practicada pola Intervención Municipal, que ascendeu á cantidade de cento vinte euro con vinte céntimos (#120,20#) xa ingresada nas arcas municipais.

Terceiro.- Notifíquese, en forma regulamentaria, ao transmitente e ao adquirente.

### **4º.- Aprobación, se procede, dun novo prego de prescricións técnicas para o suministro dun camión de recollida de residuos sólidos urbanos.**

Pola Xunta de Goberno, en sesión celebrada o vinte e dous de xuño de dous mil doce, aprobouse o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas para a adquisición dun camión de recollida de residuos sólidos urbanos, mediante procedemento aberto, oferta economicamente máis vantaxosa, con varios criterios de adxudicación, sendo o orzamento base de licitación de 147.500,00 euros, a financiar con cargo á Deputación Provincial (80%) e recursos propios (20%).

Debido ás necesidades do servizo ao que se pretendía destinar considerouse necesario adquirir un vehículo de maiores dimensións (o chasis será o adecuado para a instalación dunha caixa recadadora de 17 m<sup>3</sup> de capacidade) sen modificar o prezo, polo que a Xunta de Goberno celebrada o 19 de xullo acordou suspender a licitación convocada segundo o anuncio publicado no BOP núm. 128/12, do 6 de xullo, e no Perfil do Contratante ([www.concellodevedra.com](http://www.concellodevedra.com)).

A Xunta de Goberno acorda deixar sen efecto o prego de prescricións técnicas aprobado e aprobar un novo prego para a adquisición dun vehículo de recollida de residuos sólidos urbanos de 17 m<sup>3</sup> de capacidade.

### **5º.- Facturas varias.**

Dáse conta das seguintes facturas e gastos:

Núm. Factura	Provedor/Acredor	Importe	Descrición
3.229	Acredores diversos	16,06 €	Ticket E/City por produtos para a ludoteca en agosto
3.131	Acredores diversos	31,78 €	Ticket de Eroski por produtos para o servizo de madrugadores
F-004/2012	Carrillo Domínguez Severo	70,00 €	Garrafas de auga para o CEIP de Santa Cruz en febreiro
F-006/2012	Carrillo Domínguez Severo	73,50 €	Garrafas auga para o CEIP de Santa Cruz en abril
F-007/2012	Carrillo Domínguez Severo	47,25 €	Garrafas de auga para o CEIP de Santa Cruz en maio
F-008/2012	Carrillo Domínguez Severo	24,50 €	Garrafas auga para o CEIP de Santa Cruz en xuño
1 000073	Animación e Ocio, S.L.	1.282,93 €	Gasto campamento xuvenil en Porto do Son 2012 (campamento de verán 2012), sufragado coas achegas dos participantes
A 716/12	Servinor Prevención, S.L.	1.121,00 €	Cota anual concerto para prevención riscos laborais
2012/2297	Sogama S. A.	9.622,93 €	Tratamento de residuos mes agosto
V838142	Ricoh España, SLU	310,00 €	Cota mínimos fotocopiadoras oficina xeral mes setembro
V838141	Ricoh España, SLU	167,36 €	Fotocopias en máquina S. Sociais mes setembro
TA4640049020	Telefónica de España, SAU-Movistar	55,10 €	Servizo telefonía fixa en sede Protección Civil
09/2012	Telefónica de España, SAU-Movistar	945,69 €	12 fras.de setembro por servizos telefonía fixa



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



D70960	Diario Oficial Galicia	140,92 €	Taxa por publicación anuncio sobre Oferta de Emprego Público 2012
D219974	Diario Oficial Galicia	130,08 €	Taxa por publicación anuncio expte. de urbanismo (actividades)
22 2464	Ulla-Oil S. L.	2.042,16 €	Gasóleo A servido na nave de Trobe en setembro
32.108.639	Automóviles Louzao, S.A.U.	662,46 €	Revisión camión recollida do lixo en setembro
393	Viajes Peillet S.L.	648,00 €	Gasto polo servizo de autobús para excursión da 3ª Idade a Muros, sufragado coas achegas dos participantes
391	Viajes Peillet S.L.	3.483,00 €	Servizo de autobús para ludoteca de verán mes xullo
398	Viajes Peillet S.L.	3.326,40 €	Servizo de autobús para ludoteca de verán mes agosto
400	Viajes Peillet S.L.	216,00 €	Servizo de autobús para a actividade de promoción turística <i>Goza do Ulla</i>
392	Viajes Peillet S.L.	162,00 €	Servizo de autobús para a actividade deportiva <i>Descenso Piraguas</i>
07/2012	Gas Natural, SA	11.465,32 €	Fras.de xullo por subministro a alumeados públicos
1.120.710.741.278	Gas Natural, SA	77,87 €	Subministro á casa reitoral de Ponte Ulla mes xuño
1.120.710.045.463	Gas Natural, SA	12,18 €	Subministro á oficina de turismo en xuño (regularizado)
3.120.610.368.154	Unión Fenosa Comercial, S.L.	200,49 €	Subministro á gardería municipal mes xuño
3.120.610.350.655	Unión Fenosa Comercial, S.L.	405,81 €	Subministro á casa do Concello mes xuño
30.120.610.356.331	Unión Fenosa Comercial, S.L.	1.079,18 €	Subministro ao CPI de Vedra mes xuño
3.120.710.047.379	Unión Fenosa Comercial, S.L.	1.250,65 €	Subministro ao CEIP Santa Cruz meses maio e xuño
3.120.710.001.737	Unión Fenosa Comercial, S.L.	618,01 €	Subministro á depuradora de San Xián mes xuño
3.120.710.049.148	Unión Fenosa Comercial, S.L.	466,55 €	Subministro ao campo de fútbol de S. Mamede en maio - xuño
3.120.710.008.842	Unión Fenosa Comercial, S.L.	578,26 €	Subministro á piscina municipal meses maio - xuño
07/2012	Unión Fenosa Comercial, S.L.	2.175,44 €	Fras. subministro a 5 alumeados públicos maio - xuño
08/2012	Gas Natural, SA	379,89 €	7 fras.de xullo por subministro a edificios culturais
08/2012	Gas Natural, SA	326,62 €	13 fras.de xullo por subministro ás escolas unitarias
V01N00098	Acredores diversos	16,02 €	Ticket de Fruterías DOI por froita para o servizo de madrugadores
A/848	Galiza Verde, S.L.	594,18 €	Xestión transporte de residuos do punto limpo o día 21/09/2012
1CSN12090025112 1	Cide Hcenergia, S.A.	360,15 €	Subministro ao alumeado público de Caldelas en xullo e agosto
105	Club de Tenis Redes-Rosa Mª Ríos Pereira	1.078,00 €	Importe do xantar da excursión da 3ª Idade a Ares-Mugardos sufragado con achegas dos participantes
4330-4400	Acredores diversos	210,00 €	Importe 70 billetes de barco pola excursión da 3ª Idade a Mugardos sufragado con achegas dos participantes
1.120.810.441.764	Gas Natural, SA	138,77 €	Subministro ao punto limpo mes xullo
1.120.712.795.195	Gas Natural, SA	8,83 €	Subministro á estación de bombeo do saneamento de Socastro mes xuño
1.120.810.552.303	Gas Natural, SA	219,65 €	Subministro á ludoteca mes xullo
08/2012	Gas Natural, SA	391,64 €	2 fras. por subministro a centros de saúde mes xullo
1.120.810.496.510	Gas Natural, SA	52,24 €	Subministro á nave de Trobe mes xullo
VD 09/2012	Ana Naya Garcia. S.L.	5.969,35 €	Servizo de gardería na escola infantil



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



			municipal mes setembro
12/11	Freiría Suárez Jose María	3.795,13 €	Servizos de limpeza mes setembro
2012/48	Furelos Ben Patricia	174,24 €	Curso sobre promoción turística
2325159/01	Editorial Compostela, SA	41,00 €	Subscrición a <i>El Correo Gallego</i> mes setembro
12 409	Maderas C. Lata S.L.	113,80 €	Materiais para o parque biosaudable Castiláns
12 415	Maderas C. Lata S.L.	34,12 €	Materiales para o parque biosaudable Castiláns
RE 8	Maderas C. Lata S.L.	-22,69 €	Fra. rectificación (parque biosaudable Castiláns)
FRO20124314906	S. E. Correos y Telegrafos S.A.	6,88 €	Envío urxente de 2 cartas certificadas na oficina de Correos de Hipercor
6	Suárez Barreiro Pilar	1.314,87 €	Atención-mantemento do albergue de peregrinos mes setembro
1.232	Amextreme Kayak-Fernandez Vazquez Jose Luis	1.000,00 €	Actividade deportiva en Agronovo verán 2012
433.529.567	Mapfre Seguros de Empresas	1.779,95 €	Recibo do seguro do museo Paz Camps (20/09/12-20/09/13)
32 6594	Ulla-Oil S. L.	640,00 €	Gasóleo C para a gardería servido en setembro
806	Vda. de Parada y J. Alvela, S.L.	30,25 €	Centro de flores para a Festa do Burgo (3ª Idade)
2012/R0026	Sogama S. A.	146,82 €	Rectificación fra. De xuño 2012/1754 por subida do IVE (RD-Lei 20/2012)
2012/R0169	Sogama S. A.	160,03 €	Rectificación fra. xullo 2012/1949 por subida do IVE (RD-Lei 20/2012)
2012/R0367	Sogama S. A.	178,20 €	Rectificación fra. agosto 2012/2297 por subida IVE (RD-Lei 20/2012)
0491/E12	Talleres San Fins S.L.	213,69 €	Reparación desmalezadoras brigada verde mes setembro
0490/E12	Talleres San Fins S.L.	255,02 €	Reparación retroexcavadora en setembro
0489/E12	Talleres San Fins S.L.	122,82 €	Reparación vehículo brigada verde en setembro
0488/E12	Talleres San Fins S.L.	131,73 €	Reparación vehículo brigada de obras en setembro
0453/E12	Talleres San Fins S.L.	337,30 €	Reparación desmalezadora avanzada en setembro
0487/E12	Talleres San Fins S.L.	521,68 €	Reparacións tractor John Deere E2564BDT en setembro
0486/E12	Talleres San Fins S.L.	550,78 €	Reparacións desmalezadora avanzada mes setembro
8.757	Alcampo Santiago	23,73 €	Produtos para servizo madrugadores mercados en outubro
3.115.031.490.663	Halcourier Coruña, S.L.	12,51 €	Servizo prestado dende a imprenta da Deputación A Coruña (impresos para programa de voluntariado)
207.487	Papelería Ledoira, S.L.	371,06 €	Material de oficina servido en setembro
12-1134	Puente Ulla S.L.	1.639,33 €	Gasóleo para o camión de recollida do lixo en setembro
12-1135	Puente Ulla S.L.	34,01 €	Gasolina para a maquinaria da brigada verde
12-1129	Puente Ulla S.L.	71,50 €	Gasóleo B para os tractores servido en setembro
12-1133	Puente Ulla S.L.	52,69 €	Gasolina para a brigada de obras mes setembro
900.466	Hierros Diego, S.L.	36,54 €	Chapa industrial para beirarrúas en Castiláns-Sta.Cruz
209/6	Pazos y Vieiro, S.L.-FPV	150,70 €	Sinais de paso de peóns subministrados en setembro
P 206.908	Editorial Compostela, SA	307,63 €	Concerto publicitario ano 2012 mes setembro
0150/12	Montajes Electricos Vizcaino, S.L.	2.358,47 €	Mantemento alumeadado público mes



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



			setembro
20.124.886	Dapp Publicaciones Juridicas, SL	48,00 €	Publicación sobre nova lexislación relativa á apertura locais (urbanismo)
34	Camino Bouzon Miguel Angel	1.301,96 €	Traballos nos campos de fútbol e pavillón en setembro
36	Camino Bouzon Miguel Angel	604,52 €	Traballos nas escolas e no CEIP de Sta. Cruz en setembro
35	Camino Bouzon Miguel Angel	94,38 €	Traballos no centro médico de Sta.Cruz en setembro
37	Camino Bouzon Miguel Angel	236,56 €	Traballos na casa cultura de Trobe e na biblioteca en setembro
53	Grupo Acofide, SC	5.974,38 €	Xestión do polideportivo municipal mes setembro
120.034	Isla Arjones Jesus	13,79 €	Produtos para o caixa emerxencias da casa do Concello adquiridos en outubro
277-37/12	Aquagest, Promocion Tecnica y Financiera de Abastecimientos de Agua, SA	40.065,99 €	Xestión dos servizos de abastecemento e saneamento 4º ano
277-35/12 F	Aquagest, Promocion Tecnica y Financiera de Abastecimientos de Agua, SA	308,31 €	Realización da obra de acometida ao abastecemento de auga no CPI Vedra
15/2012	Fermín González Blanco, S.L.	2.539,60 €	Redacción Plan Especial Protección Núcleo Tradicional de Ponte Ulla mes 09/2012
12/0786	Sapa-Contenedores y Servicios, SL	506,00 €	Servizos prestados no punto limpo mes setembro
201.200.152	Ferretería Botana - Botana Granja Manuel	40,87 €	Materiais subministrados en setembro
380	Sociser Galicia, S.L.	4.315,56 €	Servizo asistencial a domicilio mes setembro
381	Sociser Galicia, S.L.	8.378,14 €	Horas SAF dependencia mes setembro
120.378	Grafinova Artes Graficas	399,57 €	Impresión boletín municipal mes setembro
Recibo 08946103002	DTS, SA (Digital +)	26,56 €	Servizo TDT e Canal+ na casa da 3ª Idade en outubro
S12/109733	La Voz de Galicia, S.A.	32,00 €	Recibo subscripción a <i>La Voz de Galicia</i> mes setembro
1210C0388224	Securitas Direct S.A.	227,49 €	Mantemento alarma casa concello durante o 4T/2012
1210C0392119	Securitas Direct S.A.	147,52 €	Mantemento alarma oficina turismo durante o 4T/2012
1210C0399604	Securitas Direct S.A.	161,35 €	Mantemento alarma casa 3ª Idade durante o 4T/2012
1210C0400938	Securitas Direct S.A.	164,44 €	Mantemento alarma biblioteca durante o 4T/2012
4.000.993.074	S. E. Correos y Telégrafos S.A.	309,67 €	Servizo de franqueo pagado mes setembro
32	Instalac. Electricas Lino - Casal Neira Lino	14.078,80 €	Obra mellora da iluminación no museo Paz Camps
	8 voluntarios participantes no servizo municipal de <i>Voluntariado Xuvenil</i>	3.840,00 €	Importe total das axudas de custo polo voluntariado prestado durante os meses de xullo, agosto e setembro de 2012 (subvencionado pola Xunta de Galicia)
	María Canedo de la Torre	13,50 €	Quilometraxe por xestións municipais de tesourería e electorais realizadas en xullo e setembro
	Carmen A. Sabio Sanz	64,25 €	Quilometraxe por xestión do programa de Educación Familiar de servizos sociais municipais no mes de setembro
	Carmen A. Sabio Sanz	67,50 €	Fondo social empregados municipais 2012 (75% gastos de odontoloxía)
	Carmen A. Sabio Sanz	78,00 €	Fondo social empregados municipais 2012 (75% gastos de oftalmoloxía)
	Lucía Sevio Barrio	404,16 €	Importe das horas extraordinarias realizadas nos meses de xullo e agosto



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



	Sonia Carbia Cutrín	404,16 €	Importe das horas extraordinarias realizadas nos meses de xullo e agosto
--	---------------------	----------	--

A Xunta de Goberno acorda aprobar as citadas facturas e gastos.

Así mesmo, a Xunta de Goberno acorda rexeitar as facturas que deseguido se relacionan polo motivo que se indica:

Núm. Factura	Provedor/Acredor	Importe	Descrición	Motivo
M 200.564	Editorial Compostela, SA	217,80 €	Publicación reportaxe Vedra Elemental (Patio) en <i>Tierras de Santiago</i>	Estar en vigor á data da facturación o convenio asinado con data 12/03/2012 para a inserción de publicidade no diario <i>El Correo Gallego</i> e no semanario <i>Tierras de Santiago</i>
1.229	Amextreme Kayak-Fernandez Vazquez Jose Luis	360,96 €	Descenso kayak Río Ulla o 21/07/12	Non corresponder a facturación do servizo prestado ao concello de Vedra, senón á Asociación de dinamización e promoción de Vedra <i>Casa dos Peóns</i>

### **6º.- Acordo, se procede, sobre solicitudes de tarxeta de aparcamento para persoas con mobilidade reducida.**

6.1.- Escrito núm. 1.459/12 de don Manuel Otero Cacabelos.

Dáse conta do citado escrito no que o interesado, con domicilio en Viño grande - Illobre, expón que ten unha porcentaxe de minusvalía do 95%, segundo certificado emitido polo Equipo de Valoración da Xunta de Galicia, que reduce a súa mobilidade para utilizar medio de transporte normalizado, polo que solicita que se lle expida tarxeta de aparcamento, segundo modelo establecido na Lei 8/1997 e no Decreto 35/2000 que a desenvolve, da Comunidade Autónoma de Galicia, comprometéndose a cumprir as normas que regulan a súa expedición.

A Xunta de Goberno acorda acceder ao solicitado.

### **7º.- Dar conta de Resolucións da Alcaldía.**

7.1.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data vinte e cinco de setembro do ano que andamos, pola que en relación co programa de emprego Xunta -Deputación de A Coruña 2012 para a encomenda da xestión á Deputación de A Coruña de pequenas obras municipais de mantemento ou limpeza, acorda designar un interlocutor que poida ser o contacto entre o propio concello de cara á execución dos proxectos solicitados e os equipos de traballadores contratados pola Deputación, facilitar un local axeitado para que poidan cambiarse de roupa e gardar os equipos que estean a utilizar, dispor dun vehículo que permita o desprazamento polo concello, subministrar a maquinaria, ferramenta, equipamento e materiais precisos para a realización das tarefas solicitadas segundo a memoria presentada e achegar unha aula de formación axeitada con capacidade para 25 persoas no caso de que a formación inicial sexa impartida no propio concello.

A Xunta de Goberno dáse por informada.

7.2.- -Dáse conta da Resolución de Alcaldía de data vinte e un de agosto do ano que andamos, pola que se adxudica o contrato da obra  *acondicionamento e mellora dos parques infantís en Ponte Ulla e Santa Cruz de Ribadulla*, á empresa Construcciones





## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



Lemos Martínez, SL, mediante procedemento negociado sen publicidade no prezo de corenta e cinco mil noventa e sete euros.

A Xunta de Goberno dáse por informada.

7.3.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data vinte e oito de setembro do ano que andamos, pola que se presta a conformidade para que don Carlos J. Méndez - Losada Abalo, Secretario do Concello, preste servizos no Concello de Piñor en réxime de acumulación.

A Xunta de Goberno dáse por informada.

7.4.- Dáse conta da Resolución de Alcaldía de data vinte e oito de setembro do ano que andamos, pola que se aproba a certificación nº 1 e final da obra de Acondicionamento e mellora dos parques infantís en Ponte Ulla e Santa Cruz.

A Xunta de Goberno dáse por informada.

7.5.-Dáse conta da Resolución de Alcaldía de data oito de outubro do ano que andamos, pola que se resolve transferir da aplicación 334-600 á aplicación 312-212 un importe de cinco mil euros para atender os gastos correntes necesarios para o funcionamento dos servizos das áreas de sanidade, educación, cultura e deportes.

A Xunta de Goberno dáse por informada.

7.6.-Dáse conta da Resolución de Alcaldía de data oito de outubro do ano que andamos, pola que se resolve transferir da aplicación 334-600 á aplicación 341-780 un importe de catro mil setecentos euros para atender os gastos derivados da Resolución de data 08/10/12 pola que se concede unha axuda por ese importe á Asociación de Veciños de Santa Cruz para execución de obra denominada *acondicionamento de espazo natural para área recreativa, paseo e instalación de parque biosaudable*.

A Xunta de Goberno dáse por informada.

7.7. Dáse conta da Resolución de Alcaldía de data oito de outubro do ano que andamos, pola que se concede unha axuda económica á Asociación de Veciños de Santa Cruz de Ribadulla para o cofinanciamento da obra *acondicionamento de espazo natural para área recreativa, paseo e instalación de parque biosaudable*, por importe de catro mil oitocentos sesenta e nove euros.

A Xunta de Goberno dáse por informada.

### **8º.- Outros asuntos.**

8.1.- Escrito núm. 1388/12 de Coral Polifónica de Santa Cruz de Ribadulla.

Dáse conta do citado escrito no que dona Purificación Vieites Santos, en calidade de Secretaria da Coral Polifónica de Santa Cruz de Ribadulla, expón que o 27 de outubro celebrábase o certame anual de corais convidando ás corais de Caldas de Reis e de Oleiros, e solicita axuda do concello para a elaboración e impresión de carteis e programas de man, colaboración nos arranxos ornamentais do evento e unha achega económica para as relacións públicas coas corais convidadas.

A Xunta de Goberno acorda concederlle unha axuda por importe de trescentos cincuenta (#350,00#) euros, debendo achegar para o cobro da mesma xustificantes de gastos por importe de polo menos o dobre da cantidade concedida.



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Telef. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



### 8.2.- Escrito núm. 1.395/12 de dona M<sup>a</sup>. Luisa Otero López.

Dáse conta do citado escrito no que a interesada, con domicilio en Santa Cruz de Ribadulla, expón que proximamente estreará a curtametraxe Nebra, con actores do concello, escrita e dirixida con vinculacións en Vedra, o cal supón unha achega importante ao enriquecemento social e cultural, polo que solicita unha achega económica para medios técnicos, axuda para carteis e medios humanos para a organización o día do estrea (20 de outubro).

A Xunta de Goberno acorda concederlle unha axuda por importe de cento vinte (#120,00#) euros, debendo achegar para o cobro da mesma xustificantes de gastos por importe de polo menos o dobre da cantidade concedida.

Conclúe ao fío das vinte e unha horas e vinte e cinco minutos.